



COMUNICADO DO IESCHA

NOTA DE PRENSA

ASEMBLEAS XERAIS ORDINARIA E EXTRAORDINARIA 2021

O Instituto de Estudos Chairegos levou a cabo este xoves 25 de marzo de 2021, as Asembleas Xerais Ordinaria e Extraordinaria no Salón de Actos da Casa da Cultura de Vilalba.

No que atinxe á Asemblea Ordinaria, os asistentes aprobaron por unanimidade todos os puntos contemplados na orde do día:

- **Acta da Asemblea do ano 2019 (a do 2020, tivo que ser adiada)**
- **Memoria de Actividades dos anos 2019 e 2020**
- **Balances económicos dos anos 2019 e 2020**
- **Orzamento para o presente ano 2021**
- **Plano de Actividades para o presente ano 2021.**

Neste último punto, á parte de aprobarse a programación proposta pola Xunta Directiva, incorporáronse outras interesantes achegas de varios socios asistentes relacionadas co patrimonio, arqueoloxía, microtoponimia, economía e demografía chairegas, así como a posibilidade de facer grupos de traballo para investigación e estudo destas temáticas.

Polo que se refire á Asemblea Extraordinaria, o único punto era

- **Elección da nova xunta directiva do Iescha**

Sométese á votación dos asistentes a única candidatura presentada:

PRESIDENTA.....	<i>M^a Luisa Barreiro Mejuto</i>
VICEPRESIDENTA.....	<i>Sabela Figueira Tenreiro</i>
SECRETARIO.....	<i>Arturo Gómez Mato</i>
VICESECRETARIO.....	<i>Xosé M. Felpeto Enríquez</i>
TESOUREIRO.....	<i>Constantino Alvite Muínelo</i>
VOGAIS.....	<i>Manuel Castro Santamariña</i>
	<i>Manuel Roca Cendán</i>
	<i>Jesús Trastoy Saavedra</i>
	<i>Alfonso Baamonde Fernández</i>
	<i>José Gómez de Bernardo</i>
	<i>Rebeca Leal Eimil</i>
	<i>Iria Currás Gato</i>

Foi aprobada pola totalidade das e dos asistentes.

Marisa Barreiro, presidenta do Iescha, agradeceu aos membros saíntes o seu traballo e compromiso co Iescha durante estes anos engadindo ademais que as portas desta identidade están sempre abertas para todas as socias e socios que desexen facernos calquera tipo de suxestión, e deu a benvida aos novos membros agardando que sirvan de pulo para encarar a nova etapa que agora comeza co desexo de que colaboren dende o compromiso sendo fieis aos obxectivos da nosa entidade.